

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA,
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 24.01.2020 Hora: 10:30

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunírase o próximo día 24 de xaneiro de 2020, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018)

Punto 2. Preguntas

- 2.1 60477 (10/POC-009416)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a xestión das contas bancarias xestionadas polo sector público autonómico na liña demandada polo Consello de Contas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 585, do 08.01.2020
- 2.2 61182 (10/POC-009705)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a relación económica de Galicia co Estado español e a reclamación da débeda
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 590, do 15.01.2020

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 45804 (10/PNC-003691)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para que os traballadores autónomos poidan compatibilizar as axudas autonómicas e municipais dirixidas ao inicio da súa actividade empresarial ou profesional en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
- 3.2 54995 (10/PNC-004356)
Grupo Parlamentario Mixto
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desaceleración da economía de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 528, do 11.09.2019



- 3.3 57315 (10/PNC-004552)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter na economía de Galicia a deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galicia cara a Portugal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 3.4 57434 (10/PNC-004567)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Porritt Lucero, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o rigoroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 3.5 57781 (10/PNC-004607)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 3.6 59701 (10/PNC-004763)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019

Punto 4. Dación de contas

- 4.1 Modificacións orzamentarias
- 4.1.1 57455 (10/MOP-000038)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2019
Publicación, BOPG n.º 547, do 16.10.2019
- 4.1.2 58944 (10/MOP-000039)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Sobre documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2019
Publicación, BOPG n.º 569, do 27.11.2019

- 4.1.3 60033 (10/MOP-000040)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Modificacións orzamentarias novembro 2019
Publicación, BOPG n.º 578, do 17.12.2019
- 4.2 Informe sobre a disposición do fondo de continxencia
- 4.2.1 57454 (10/IDFC-000007)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao terceiro trimestre de 2019
Publicación do informe, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2020

María
Teresa
Porritt
Lueiro

Firmado digitalmente por
María Teresa Porritt Lueiro
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=María Teresa Porritt
Lueiro,
email=maria.teresa.porritt.lueiro@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.01.21 10:40:17
+01'00'

María Teresa Porritt Lueiro
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 21/01/2020 10:40:17



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|----------------------------------|---|
| Presidenta | |
| María Teresa Porritt Lueiro | S |
| Vicepresidenta | |
| Cristina Isabel Romero Fernández | P |
| Secretario | |
| Gonzalo Trenor López | P |

Vogais

| | |
|--------------------------------------|-----|
| Francisco Casal Vidal | M |
| Jackeline Elizabeth Fernández Macías | P |
| María Guadalupe Murillo Solís | P |
| Marta Nóvoa Iglesias | P |
| Paula Prado del Río | P |
| Noa Presas Bergantiños | BNG |
| Pedro Puy Fraga | P |
| Matilde Begoña Rodríguez Rumbo | S |
| Julia Torregrosa Sañudo | GCE |

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

1. Designación da Ponencia encargada de elaborar o informe sobre a Proposición de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G.P. Mixto, de modificación da lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido (doc. núm. 57950, 10/PPLC-0000018)

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 60477(10/POC-009416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a xestión das contas bancarias xestionadas polo sector público autonómico na liña demandada polo Consello de Contas

Publicación da iniciativa, 585, 08.01.2020

Á Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, Pedro Puy Fraga, Marta Nóvoa Iglesias, Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Gonzalo Trénor López e Jackeline Elizabeth Fernández Macías, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamento**.

A xestión das contas bancarias titularidade da administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais experimentou grandes avances nos últimos anos. O número de contas bancarias, por exemplo, está por debaixo do existente no ano 2009. Segundo o propio Consello de Contas, no ano 2018 funcionaban un total de 265 contas correntes, a metade da cifra máxima que se chegara a acadar no pasado.

Porén, o Consello de Contas recomenda outras melloras na xestión destas contas. Por exemplo, que para incrementar a transparencia, a relación de contas que a Xunta remite ao órgano fiscalizador vaia acompañada das correspondentes certificacións bancarias sobre o seu saldo ou a integración no sistema das contas de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

Nese sentido, o Grupo Popular promoveu unha resolución, aprobada polo Pleno do Parlamento en marzo deste ano, na que se solicitaba a aprobación de “unha normativa reguladora das contas bancarias da Comunidade Autónoma de Galicia que permita reforzar a información sobre estas contas mediante a súa inscrición nun rexistro autonómico”. Dita resolución, por certo, non tivo o apoio de ningún dos grupos da oposición.

No trámite de alegacións do último informe do Consello de Contas, a Xunta de Galicia ofrece información sobre avances neste eido que desde o Grupo Popular consideramos que merecen ser ampliadas para maior información aos grupos parlamentarios.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en Comisión:

Que actuacións está a desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a xestión das contas bancarias xestionadas polo sector público autonómico na liña demandada polo Consello de Contas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/12/2019 11:51:29
Nº Rexistro: 60477
Data envío: 26/12/2019 11:51:29.912

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 26/12/2019 11:48:03

Pedro Puy Fraga na data 26/12/2019 11:48:22

Marta Novoa Iglesias na data 26/12/2019 11:48:42

María Guadalupe Murillo Solís na data 26/12/2019 11:49:35

Paula Prado Del Río na data 26/12/2019 11:49:59

Gonzalo Trenor López na data 26/12/2019 11:50:28

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 26/12/2019 11:50:42



CSV: REXISTROJ7U2IbX7

Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 61182(10/POC-009705)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a relación económica de Galicia co Estado español e a reclamación da débeda

Publicación da iniciativa, 590, 15.01.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 12:46:06
Nº Rexistro: 61182
Data envío: 09/01/2020 12:46:06.395

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

Durante os últimos meses puidemos constatar como a inestabilidade política no Estado e a incapacidade das forzas políticas de dar saída a un novo goberno ten diversas consecuencias negativas para Galiza. Entre elas, o adebedamento de importantes contías por mor da demora no pagamento da mensualidade de IVE de 2017 e da actualización das entregas a conta do sistema de financiamento no marco dun espectáculo alongado no tempo no que se evidenciou asemade a insuficiencia da nosa relación económica co Estado e a falta de seriedade e de unidade de criterios deste.

Máis aínda, puidemos constatar o fracaso da estratexia da Xunta de Galiza, pois non só non arrancou o compromiso necesario por parte do goberno central senón que desbotou, presuntamente, recorrer á vía xudicial malia ter encargado un informe xurídico. Neste contexto resultan difíciles de crer as súas afirmacións respecto da posibilidade de que no caso de incorrer en déficit se lle reclame a asunción ao goberno central.

CSM-REXISTRO06A-uberg7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 12:46:06
Nº Rexistro: 61182
Data envío: 09/01/2020 12:46:06.395



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Como vai evitar a Xunta de Galiza as consecuencias negativas da inxusta relación económica de Galiza co Estado español?

Vai rectificar e pasar a Xunta de Galiza das palabras aos feitos e impulsar a reclamación legal da débeda económica que ten o Estado co noso país?

Ten pensado a Xunta de Galiza incorrer en déficit?

E aumentar a débeda?

Vai reclamar que o goberno central asuma os custos de incorrer en déficit ou de aumentar a débeda? De que forma?

Considera a Xunta de Galiza que o único problema da relación económica de Galiza co Estado son a demora no pagamento do IVE de 2017 e das actualizacións das entregas a conta?

Considera a Xunta de Galiza que podería evitarse esta situación de contarnos con outro sistema de financiamento?

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/01/2020 12:46:06
Nº Registro: 61182
Data envío: 09/01/2020 12:46:06.395

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/09/2019 12:38:50

Xosé Luis Bará Torres na data 20/09/2019 12:39:01

María Montserrat Prado Cores na data 20/09/2019 12:39:07

Olalla Rodil Fernández na data 20/09/2019 12:39:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 20/09/2019 12:39:33

Ana Pontón Mondelo na data 20/09/2019 12:39:43

CSX: REXISTROS/05/ubqz7
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.1 45804(10/PNC-003691)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas oportunas para que os traballadores autónomos poidan compatibilizar as axudas autonómicas e municipais dirixidas ao inicio da súa actividade empresarial ou profesional en Galicia

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 10:06:39
Nº Rexistro: 45804
Data envío: 08/02/2019 10:06:39.283



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3.ª**

Exposición de motivos:

As condicións laborais dos autónomos galegos levan anos deteriorándose sen que Feijóo saiba que facer. Os traballadores por conta propia non só padecen un desamparo institucional severo que lles dificulta levar a cabo as súas tarefas, senón que, ademais, afrontan enormes dificultades para desfrutar dos seus dereitos.

Así, non é de estrañar que Galicia encabece a lista de comunidades que máis autoempregos destrúen en España. Cada día, pechan a porta na nosa comunidade 10 negocios conducidos por autónomos. Segundo a Asociación de Traballadores Autónomos, 2018 foi xa o cuarto ano consecutivo no que se perderon autónomos en Galicia.

Para evitar que no ano 2019 volva acontecer o mesmo, a Xunta de Galicia debería facilitar axudas aos traballadores autónomos, non poñerlles aínda máis dificultades.

Na actualidade, existen axudas autonómicas e municipais que teñen por obxecto apoiar ás persoas desempregadas que pretenda desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 10:06:39
Nº Registro: 45804
Data envío: 08/02/2019 10:06:39.283



vida laboral. O problema é que as axudas económicas son exiguas e, aínda por riba, incompatibles entre si, de tal xeito que se un traballador ou traballadora percibe a axuda autonómica despois de que se lle concedera a axuda municipal, ten a obriga de devolver a segunda aboando os xuros correspondentes.

Tendo en conta a situación de precariedade na que se atopan gran parte dos autónomos galegos, é impresible que as poucas axudas que teñen á súa disposición sexan incompatibles entre si. Os traballadores por conta propia merecen o respaldo firme de tódalas institucións públicas para poder levar a cabo as súas labores, que benefician e enriquecen ao conxunto do país.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para que os traballadores autónomos poidan compatibilizar –integrante ou, polo menos, en parte– as axudas autonómicas e municipais dirixidas a comezar a desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2019.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Manuel Lago Peñas
Deputada e deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2019 10:06:39
Nº Rexistro: 45804
Data envío: 08/02/2019 10:06:39.283



Julia Torregrosa Sañudo na data 08/02/2019 10:05:30

José Manuel Lago Peñas na data 08/02/2019 10:05:38

Luis Villares Naveira na data 08/02/2019 10:05:45

CSV REGISTRO-IREMbwfl.w-5
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.2 54995(10/PNC-004356)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa desaceleración da economía de Galicia

Publicación da iniciativa, 528, 11.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados e deputadas **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 3ª** sobre a desaceleración da economía galega.

Exposición de motivos.

O IGE publicaba o PIB de Galicia do terceiro trimestre que medrou un 0'3% no segundo trimestre de 2019, unha décima inferior á rexistrada no 2018, inda que a riqueza xerada é un 2% superior ao tamaño de hai un ano, inda que menor á de hai 3 meses e moi lonxe do 2'9% que se acadou no segundo trimestre do 2018. É o menor crecemento interanual do PIB de Galicia desde o ano 2014, e inda que a economía medrou desde hai 23 trimestres consecutivos fíxoo cada vez de xeito máis reducido.

Galicia é a 5ª economía máis importante despois de Cataluña, Madrid, Andalucía, Valencia e Euskadi. Con respecto a esta última, pese a ter máis habitantes Galicia con 2.699.299 persoas fronte as 2.172.591 persoas de Euskadi as cifras do PIB que manexa o noso país é de 61.000 millóns de euros fronte aos case 72.000 millóns de euros do PIB de Euskadi, 11.000 millóns de euros menos no PIB.

A economía galega, como a estatal desacelórouse. Mentres que no que respecta á demanda interna se mantivo no 3,3%, a demanda externa sitúase en valores negativos ata acadar o -1,3%. A Consellería de Facenda atribúe esta desaceleración á caída das exportacións, cun descenso interanual do 8,6%.

No que respecta a estrutura do PIB a prezos de mercado pola vía da oferta todos os sectores teñen un comportamento positivo, menos a industria que descendeu un 2,1%. Hai que lembrar que a industria emprega ao 18,9% da cidadanía galega ocupada, unha porcentaxe similar á da poboación ocupada nas administracións públicas, a sanidade e a educación co 18,6%.





Estamos lonxe do obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB, actualmente no 16,5%.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª

O Parlamento galego insta a Xunta a

- 1.- Tomar as medidas de incentivación necesaria para reactivar a economía galega, nomeadamente no que respecta ao sector industrial galego.
- 2.- Establecer como prioritario o obxectivo de que o 20% do PIB sexa a representación da industria no ano 2020.

Santiago de Compostela, 04/09/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,
Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal,
deputada, deputados e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 09:41:45

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 09:41:54

Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 09:42:04

Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 09:42:14



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.3 57315(10/PNC-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter na economía de Galicia a deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galicia cara a Portugal

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:02
Nº Rexistro: 57315
Data envío: 09/10/2019 17:28:02.060

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A deslocalización de empresas galegas ou situadas en Galiza cara outros países e cara outras comunidades é un fenómeno agudizado durante a década Feijóo ao que o goberno galego non está a responder axeitadamente.

Estímase que na última década instaláronse no norte de Portugal máis de 300 empresas galegas, entre as que podemos citar as seguintes: Roypasa, Pavestone, Doureca-Dourdin, Valver, Marsan Transformaciones, Rodman Lusitania, Ganain Lusitania, Industrias Trimar, Granitos Urbanos, Mecanizados Rodriguez, Megasa, Vanguard Marine, Poligal, Portugal, Pralisa-Marfrío, Galaica-Portuguesa de Granitos, Cupa Pedras-Cupa Stone.

De forma especial, cómpre sinalar os efectos sobre a industria da automoción e as súas auxiliares, nomeadamente proveedoras de PSA. Entre estas empresas podemos citar: Borgwarner, Serilusa, Valver, Safe Bag, Safe Life, Grupo Antonlín, Cablerías Manufacturing, Dalphimetal, Gestamp, CIE Automotive, etc.

CSM-REXISTROBS.XD.dp.k6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:02
Nº Rexistro: 57315
Data envío: 09/10/2019 17:28:02.060

Esta situación impacta na nosa economía en múltiples aspectos: peso dos diferentes sectores de traballo, renda, desemprego, etc. Recentemente o Consello Económico e Social publicaba o seu informe anual respecto de 2018 e apuntaba o seguinte: “cómpre salientar a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e o Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Segundo os datos de Eurostat, mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da ocupación no sector servizos, acollendo o 71,7% das persoas ocupadas fronte ao 61,4% no norte de Portugal, nesta última rexión o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case once puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 28,2% e o 17,4%, respectivamente.”

Resulta alarmante que dentro da mesma eurorrexión e compartindo problemas estruturais semellantes haxa indicadores importantes nos que Portugal avanza e Galiza retrocede.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento de Galiza acorda instar ao goberno galego a elaborar e acordar antes do primeiro semestre de 2020 un plan de resposta á desigual evolución da economía de Galega, que parta do diálogo coas organizacións de traballadores e traballadoras, coas empresas do sector e universidades para definir unha batería de medidas estratéxicas para estabilizar o sector industrial galego e equilibrar o peso do sector servizos, con especial atención ao desenvolvemento do sector da automoción, entre as que se recollan condicións estratéxicas vinculadas ao fomento da investigación

CSV REXISTRO BNG: X0d1p1k6
Verificación:
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:02
Nº Registro: 57315
Data envío: 09/10/2019 17:28:02.060

e á posta a disposición de chan industrial e facilidades administrativas e ao mantemento do emprego.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2019 17:14:47

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2019 17:14:54

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2019 17:15:01

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2019 17:15:08

CSV: REXISTROBSJXDipK6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2019 17:28:02
Nº Registro: 57315
Data envío: 09/10/2019 17:28:02.060

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2019 17:15:18

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2019 17:15:26

CSX4REXISTROBSJXDtpK6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.4 57434(10/PNC-004567)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a dotación polo Goberno galego dos recursos humanos e materiais necesarios para o rigoroso cumprimento do procedemento administrativo común das administracións públicas, establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Teresa Porrirt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A esfera xurídica de dereitos dos cidadáns fronte á actuación das administracións públicas atópase protexida a través dunha serie de instrumentos tanto de carácter reactivo, sistema de recursos administrativos ou o control realizado por xuíces e tribunais, como preventivo, a través do procedemento administrativo, expresión de que a Administración Pública actúa con sometemento pleno á lei e ao dereito.

A Lei 39/2015 do procedemento administrativo común establece unha regulación completa e sistemática das relacións entre as administracións e os administrados.

A Constitución no seu título IV, artigo 103 establece os principios que deben rexer a actuación das administracións públicas: principios de eficacia, seguridade xurídica e legalidade, ao impoñer o sometemento pleno da actividade administrativa á lei e ao dereito .

Estes principios materialízanse nun procedemento administrativo, entendido como o conxunto ordenado de trámites e actuacións formalmente realizadas, segundo a canle legalmente prevista, para ditar un acto administrativo ou expresar a vontade dunha administración e que debe de garantir o adecuado equilibrio entre a eficacia da actuación administrativa e a imprescindible salvagarda dos dereitos dos cidadáns que se deben exercer en condicións básicas de igualdade en calquera parte do territorio, con independencia da administración coa que se relacionen os seus titulares.

De acordo coa CE a citada lei regula os dereitos e garantías mínimas que corresponden a todos os cidadáns respecto da actividade administrativa, tanto na súa vertente do exercicio da potestade de autotutela, como da potestade regulamentaria e iniciativa legislativa.

É dicir que o cumprimento das formalidades que esixe o procedemento administrativo constitúe a garantía do efectivo exercicio dos dereitos da cidadanía.

O informe do Valedor do Pobo, polo que respecta ás queixas en materia de funcionamento da Administración pública conclúe entre outras cuestións que:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2019 11:51:21
Nº Rexistro: 57434
Data envío: 11/10/2019 11:51:21.111

“detéctanse as mesmas deficiencias que nos informes dos anteriores exercicios, entre outras, a falta de reposta expresa e en prazo ás reclamacións e recursos presentados “.

Resulta alarmante o incumprimento do procedemento administrativo establecido pola Lei 39/2025 do procedemento administrativo común por parte da Administración autonómica, mentres esta esixe ao administrado o estrito cumprimento das obrigas legalmente impostas.

Administración e administrado non resultan iguais e deberían selo.

A falta de seguimento rigoroso dos trámites administrativos xera desconfianza no administrado, vulnerando de maneira efectiva ou non os seus dereitos, xa que as garantías formais dos procedementos establécense para defender os intereses lexítimos das partes en conflito, na maioría dos casos do administrado fronte á Administración pública.

Polo exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha todos os recursos, humanos e materiais, necesarios para cumprir rigorosamente co procedemento administrativo común, por mandato legal establecido na Lei 29/2015.

Parlamento de Galicia, 10 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 11/10/2019 11:25:45

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/10/2019 11:26:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 11/10/2019 11:26:14

CSV REXISTRO:cm47HhHM5
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.5 57781(10/PNC-004607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o impulso polo Goberno galego das modificacións necesarias nas figuras impositivas nas que ten competencias normativas co fin de protexer a capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Luisa Pierres López, Patricia Otero Rodríguez, e Teresa Porritt Lueiro** e do seu deputado-portavoz **Xoaquín Fernández Leiceaga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, establece no seu artigo 84, apartado 6 sobre a opción de tributación conxunta, que todos os membros da unidade familiar quedarán conxunta e solidariamente sometidos ó imposto, sen prexuízo do dereito a prorratear entre si a débeda tributaria, segundo a parte de renda suxeita que corresponda a cada un deles.

Todas as persoas membros dunha unidade familiar teñen a consideración de codeudor fronte a Facenda Pública, polo que a Administración pode dirixirse contra o patrimonio de calquera dos seus membros para facer efectiva a totalidade da débeda tributaria resultante da declaración en tributación conxunta.

Establecida pois, a responsabilidade solidaria de marido e muller e do resto de membros da unidade familiar nas obrigas tributarias derivadas da declaración conxunta do imposto e coa firme convicción de que a violencia de xénero non require unha única solución, senón un conxunto de solucións, e non só penais, senón tamén civís e, por suposto, de formación, educación e concienciación, o Grupo Socialista entende necesario abordar a situación existente no caso de que a Facenda Pública esixa un suposto de responsabilidade de débeda tributaria por declaración conxunta do IRPF cando un dos membros da unidade familiar que teña exercido esa opción de tributación sexa condenado por violencia de xénero sobre o outro membro da unidade familiar.

A violencia económica é unha realidade que existe e existirá de non corrixirse. É unha das manifestacións de violencias machistas recollidas na Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e afecta ás mulleres vítimas e ós e ás menores integrantes da unidade familiar.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Registro: 57781
Data envío: 17/10/2019 16:12:52.298

Dita violencia ademais de exercerse durante a relación de parella pode seguir manténdose unha vez se produce a separación tal e como se ten exposto con anterioridade. O pago de pensións alimenticias, de cargas hipotecarias ou de débedas producidas polo maltratador durante o período de convivencia, é un instrumento de coacción e ameaza que habitualmente é empregado polo maltratador para seguir exercendo violencia contra a súa exparella.

As leis de protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero normalmente se centran máis na protección e na atención ás vítimas, pero é imprescindible ademais garantir que unha vez se consegue saír da situación de violencia e maltrato, as mulleres poidan restituír o seu proxecto de vida sen ningún tipo de carga, neste caso económica, que proveña do maltratador.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a impulsar a modificación necesaria das figuras impositivas sobre as que ten competencias normativas que permita protexer a capacidade económica dos e das menores e vítimas de violencia de xénero que tributan en Galicia”

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Otero Rodríguez
Teresa Porrirt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 17/10/2019 13:56:53

Patricia Otero Rodríguez na data 17/10/2019 13:57:09

María Teresa Porrirt Lueiro na data 17/10/2019 13:57:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2019 16:30:00
Nº Registro: 57781
Data envío: 17/10/2019 16:12:52.298

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2019 13:57:34

CSX, REGISTRONKI.html#6
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3.6 59701(10/PNC-004763)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas recomendacións reflectidas na Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia

Publicación da iniciativa, 576, 13.12.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:21:58
Nº Rexistro: 59701
Data envío: 03/12/2019 18:21:58.661

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa do seu deputado Manuel Lago Peñas e da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.^a**, sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galicia das recomendacións recollidas na Memoria Sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social de Galicia.

Exposición de motivos

A Memoria Sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, elaborada polo Consello Económico e Social Galicia, pon de manifesto a preocupación dos principais axentes económicos e sociais do noso país sobre a evolución recente da economía galega e os riscos que afronta a no futuro inmediato.

Logo de catro anos de crecemento, o CES constata a desaceleración da economía galega, que xa se empeza a percibir no menor ritmo de crecemento dos principais indicadores económicos no ano 2018. O CES amosa a súa preocupación pola ralentización tanto do ritmo de crecemento da economía galega coma das economías da nosa contorna, estatal e comunitaria, que pode por en perigo a continuidade do crecemento da produción e a mellora das condicións laborais e salariais deterioradas ao longo da crise.

O CES sinala que esa moderación do ritmo de crecemento da economía galega vai acompañada, por primeira vez desde o ano 2006, dunha caída das exportacións que fai que a contribución da demanda externa ao crecemento do PIB fose negativa, nun escenario de tensión comercial entre as grandes potencias

CSM-REXISTRO14dwUHoR7
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:21:58
Nº Rexistro: 59701
Data envío: 03/12/2019 18:21:58.661

mundiais, de rexurdimento de políticas proteccionistas e de incerteza crecente no comercio internacional, que fai que a continuación da senda de crecemento do PIB dependa exclusivamente da demanda interna. Nese contexto, o CES ve con preocupación a notable ralentización do ritmo de crecemento da industria manufacturera galega.

O CES subliña que o dinamismo económico dos últimos catro anos non foi quen de frear a tendencia á redución da poboación activa, nin de corrixir a perda de peso da remuneración dos asalariados no PIB, provocando que, por sexto ano consecutivo, a remuneración de asalariados no ano 2018 en Galicia sexa inferior ao Excedente Bruto de Explotación, en contra do que acontece no resto do Estado.

O CES denuncia que a recuperación do PIB non se está a reflexar na mellora das retribucións dos traballadores na mesma dimensión, nin está a ser suficiente para frear a fonda crise demográfica que atravesará Galicia, moito mais intensa que no resto do Estado.

Non podemos esquecer que a propia Lei 6/1995, de 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia indica que a súa finalidade é a de “facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socio-económica de Galicia”, e que o CES se configura como o “foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e sociais e a Xunta de Galicia”, dando resposta á “aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas se atendan, no proceso de adopción de decisións” por parte do Goberno de Galicia.

Por esa razón, as recomendacións do CES merecen unha especial consideración por parte dos Poderes Públicos de Galicia e dos representantes políticos e institucionais da sociedade galega.

Co obxectivo de que a Xunta de Galicia tome en consideración as



CES, REGISTRO: 49701, 03/12/2019 18:21:58.661



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:21:58
Nº Rexistro: 59701
Data envío: 03/12/2019 18:21:58.661

recomendacións vertidas polo CES na súa Memoria sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018, o Grupo Común da Esquerda formula a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para facer efectivas as recomendacións do CES recollidas na Memoria sobre a Situación Económica e Social de Galicia 2018 e, de xeito específico, ante a desaceleración experimentada pola Economía galega no ano 2018, insta á Xunta de Galicia a adoptar as medidas que sexan precisas para reorientar a economía galega cara un novo modelo de crecemento, acelerando o paso cara unha economía verde, con alto contido tecnolóxico e xeradora de novas fontes de emprego, que permita avanzar na redución da taxa de desemprego, na mellora das condicións de traballo e na corrección da desigualdade crecente.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Voceiro e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 03/12/2019 18:19:51



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/12/2019 18:21:58
Nº Rexistro: 59701
Data envío: 03/12/2019 18:21:58.661

Julia Torregrosa Sañudo na data 03/12/2019 18:20:16

CSX, REGISTRO: 4dwUhdRg7
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

4. Dación de contas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

4.1 Modificacións orzamentarias

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30


Orde do día

4.2 57455(10/MOP-000038)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de
setembro de 2019

Publicación, 547, 16.10.2019



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de setembro de 2019.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 11/10/2019 10:19:45

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

4.3 58944(10/MOP-000039)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Sobre documentación respecto das modificacións orzamentarias
correspondentes ao mes de outubro de 2019



Publicación, 569, 27.11.2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, dou traslado, segundo o que comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de outubro de 2019.


Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Añado por: GARCÍA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 19/11/2019 20:34:37

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



CVE: YThw6BAJD
Verificación: <https://rede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

4.4 60033(10/MOP-000040)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Modificacións orzamentarias novembro 2019



Publicación, 578, 17.12.2019



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro) e na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, dou traslado segundo comunica a Consellería de Facenda, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao mes de novembro de 2019.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA-SENORANS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 13/12/2019 12:21:56

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE: aPCLU3y7Q7
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

- 4.5 Informe sobre a disposición do fondo de continxencia
(terceiro trimestre 2019)

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 24.01.2020

Hora: 10:30

Orde do día

4.6 57454(10/IDFC-000007)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Informe sobre a disposición do fondo de continxencia
correspondente ao terceiro trimestre de 2019

Publicación do informe, 547, 16.10.2019



XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 Dirección Xeral de Relacións Institucionais
 e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
 REGISTRO XERAL ENTRADA

11 OUT. 2019

Núm. 57454

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 9 OUT. 2019

SAIDA

Num. 196

En cumprimento do disposto no artigo 55 bis, apartado quinto, do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro – polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia-, trasládolle *Informe sobre a disposición do fondo de continxencia correspondente ao terceiro trimestre de 2019.*

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
 (ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCÍA SEIXORANS ALVAREZ, BLANCA
 Cargo: Directora Xeral
 Data e hora: 09/10/2019 14:22:02

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Ref.:mcp/sxo

ASUNTO: Informe sobre disposición do fondo de continxencia da sección 5001

O artigo 55.bis.5 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece que a Xunta de Galicia lle remitirá ao Parlamento de Galicia, a través do conselleiro de Facenda, un informe trimestral acerca do emprego do fondo de continxencia regulado neste mesmo artigo.

Para cumprir co anterior, comunicase que no terceiro trimestre deste ano o Consello da Xunta autorizou a seguinte disposición:

- Acordo do Consello da Xunta, na súa xuntanza do día un de agosto de dous mil dezanove, polo que se autoriza a disposición do fondo de continxencia previsto na aplicación orzamentaria 5001.412A.500, por un importe de 24.537.957,26 € (expediente CODEX SC-12.80-001-19 asinado o 02.08.2019).

Como consecuencia do anterior a situación do fondo de continxencia, logo das disposicións autorizadas, resulta:

DISPOSICIÓN

| CONCEPTO ORZAMENTARIO | ORZAMENTO INICIAL | CRÉDITO XA EMPREGADO | CRÉDITO DISPONIBLE | CRÉDITO AUTORIZADO | % UTILIZADO |
|-----------------------|-------------------|----------------------|--------------------|--------------------|-------------|
| 5001.412A.500 | 31.917.175,00 | 2.660.000,00 | 29.257.175,00 | 24.537.957,26 | 85,21% |

DESTINO

| EXPLICACIÓN | PROGRAMA | ART/ CONCEPTO | IMPORTE |
|--|---|-------------------|---------------|
| Retribucións persoal ao servizo do Servizo Galego de Saúde | 412 "Atención especializada" 412B "Atención primaria" 414A "Formación de graduados e postgraduados" | Varios capítulo I | 24.537.957,26 |

Santiago de Compostela,
O conselleiro de Facenda
(P.D.: 10.02.2015)
O director xeral de Planificación e Orzamentos,
Miguel Corgos López-Prado

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

